



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **47376**, que figura na orde do día da Comisión 2ª, prevista para o vindeiro 23 de abril de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a levar a cabo nesta lexislatura as obras de mellora integral da estrada OU 533 entre A Rúa e A Gudiña, coa previsión de construción dun terceiro carril naqueles treitos onde sexa necesario".

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2019 13:02:22

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2019 13:02:26



Á Mesa da Comisión 2ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña (doc. núm. 47376)

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar durante esta legislatura, as obras de mellora que restan por acometer no viario de comunicación OU-533 que vertebra os concellos da Rúa, Petín, Larouco, O Bolo, A Veiga, Viana do Bolo, Vilariño de Conso e A Gudiña, en especial a construción dun terceiro carril en diferentes tramos nos dous sentidos da estrada A Gudiña-A Rúa.

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 22/04/2019 18:04:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/04/2019 18:04:58

